

Obxecto:	Solicitud Informe Estudio de Impacto Ambiental (EIA) e Proxecto sectorial (PS)
Proxecto:	Parque eólico Solpor
Localización:	Mesía e Ordes (A Coruña)
Promotor:	Green Capital Power S.L.
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
S/clave:	IN408A 2018/26
Data rexistro:	20.12.2021
Expedientes:	03.I.519.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA2992/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 20.12.2021 o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación remitiu a documentación do parque eólico Solpor.

De acordo co disposto no apartado 12 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, solicítase que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (en diante DXPC) emita o correspondente informe sobre a documentación recibida.

A tales efectos achégase o enlace para descargar os documentos titulados Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Solpor, outubro 2021 e Proyecto Sectorial Parque Eólico Solpor, outubro 2021 nos termos municipais de Ordes e Mesía (A Coruña), co obxecto de que se emita o correspondente informe.

O 20.05.2022 a entidade promotora do parque eólico, Green Capital Power S.L., presentou unha documentación complementaria en relación co Camiño de Santiago, Camiño Inglés, e co fin de poder avaliar correctamente o impacto deste proxecto.

ANTECEDENTES:

O 11.07.2018 a DXPC autorizara o arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar para realizar a Prospección arqueolóxica para a avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural do Parque Eólico Solpor (concellos de Ordes e Mesía, A Coruña) (cód.ED 102A 2018/356-0), promovido por Green Capital Power S.L.U.

O 09.06.2020 a DXPC emitira un informe de consultas na avaliación de impacto ambiental ordinaria do proxecto Parque Eólico Solpor no que se indicaba que era necesario que o Estudio de Impacto Ambiental incorporase unha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural, para o que se terían en conta varias consideracións, entre elas:

- Deberase modificar a localización do aeroxerador A2 e a da SET para que nin estes nin as súas infraestruturas asociadas afecten os contornos de protección de bens arqueolóxicos. Considérase máis conveniente para a conservación do patrimonio arqueolóxico o emprazamento proposto para a SET na alternativa 1.
- Tanto a nova localización do aeroxerador coma a da SET e as súas infraestruturas asociadas, deberán contar cunha avaliación de impacto arqueolóxico realizada por arqueólogas/os competentes autorizadas/os por esta DXPC, tal e como se establece na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural deberá completarse cun estudo específico da afección sobre o Camiño Inglés e o seu territorio histórico de cara a avaliar a incidencia da construción do parque eólico no ben e no seu contorno, que deberá vir plasmado na correspondente planimetría de avaliación, acoutando as distancias aos aeroxeradores máis próximos. Neste estudo específico analizarase a totalidade do parque e, en especial, a visión dos aeroxeradores A1, A2, A3 e A4 desde varios puntos da traza do Camiño de Santiago, valorando o



impacto que puidieran xerar, así como as medidas a adoptar para mitigalo e virá acompañado de planos, fotografías aéreas, percorrido fotográfico actual desde o Camiño cara á actuación que se pretende realizar e recreación virtual mediante infografías dese percorrido coa actuación realizada.

- Asemade, a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural deberá completarse cun estudo específico da totalidade dos accesos desde a estrada AC-524 e da afección sobre o Camiño Inglés, así como unha análise das alternativas de acceso que permitan non utilizar tramos do Camiño compartidos, considerándose a viabilidade do cruzamento puntual nalgún punto do trazado do camiño. Nese caso deberase completar a documentación que se aporte definindo as actuacións necesarias a realizar no cruce do camiño para facilitar o paso dos vehículos especiais, así como concretar as medidas de sinalización e de seguridade para os peregrinos a aplicar durante os traballos. Asemade, deberanse concretan os labores de reposición do firme que se vexa afectado polas obras, debéndose ter en conta que se reporá en idénticas condicións do actual.

O 20.07.2020 a DXPC autorizara o arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar para realizar unha prospección arqueolóxica para o parque eólico de Solpor (CT102A 2020/493-0) e o 07.12.2020 autorizárase ao mesmo arqueólogo prospectar a liña de alta tensión (LAT) de evacuación deste parque eólico (CT 102A 2020/1014-0). Os resultados destas intervencións recóllense na memoria *de Evaluación de impacto sobre el Patrimonio Cultural del Parque Eólico Solpor, ayuntamientos de Ordes y Mesía (A Coruña)*.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Disposicións legais a ter en conta en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022)*

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise da documentación

Estudo de impacto ambiental (EIA)

- O obxecto do proxecto actual é a construción dun parque eólico formado por cinco aeroxeradores cunha potencia unitaria de 4,8 MW, altura de buxe de 120 m, e un diámetro de rotor de 155 m, e a súa infraestrutura asociada: os accesos e os vieiros interiores, as cimentacións dos aeroxeradores, as plataformas de montaxe, as gabias de cableado, drenaxes lonxitudinais e transversais, a zona de acopios, a torre meteorolóxica e a subestación eléctrica.
- O tramo de LAT 132 KV partirá dende a SET PE Solpor e dende esta conectará co apoio 18 da LAT 132 KV PE Gasalla-SET Colectora Mesón, cunha lonxitude total de 709,57 m e seis apoios. Os



accesos aos apoios faranse por camiños xa existentes e algúns de nova construción, cunha anchura de catro metros.

- O acceso ao parque eólico arranca dende a saída 540 da Autovía A-6, continuando pola estrada N-634 en dirección Mesía durante 19,6 km. A altura de Curtis xírase á esquerda en dirección Santiago de Compostela, seguindo uns seis km. Dende este punto xírase á dereita cara á estrada AC-524 en dirección Ordes; e cara á dereita por camiños rurais chégase ao primeiro dos viarios que forman parte do parque. Este viario proporciona acceso a totalidade dos elementos do PE Solpor cruzando a AP-9 sobre un paso superior existente. Ao leste da autoestrada AP-9 sitúase o aeroxerador SOL-05 e a torre meteorolóxica, e ao oeste da autoestrada sitúanse o resto dos aeroxeradores. O total de viarios teñen unha lonxitude total de 6.150 m. Entre os diferentes aeroxeradores deséñase unha rede de camiños, algúns de nova creación (2.230 m) e a ampliación de algúns dos xa existentes (3.921 m). Os viarios interiores terán un ancho de cinco metros útiles, con sobreanchos de 30 m antes e despois das curvas.
- No apartado 7, *Exposición de Alternativas*, sinálase que ademais da Alternativa 0, a de non execución, analizáronse outras dúas opcións (1 e 2).
 - A alternativa 1, formada por sete aeroxeradores, cunha potencia total de 24,15 MW, unha subestación, edificio de control e unha torre de medición meteorolóxica; nesta alternativa varios dos elementos arqueolóxicos veríanse afectados polas obras deseñadas do PE. O aeroxerador A2 afecta o contorno de protección do xacemento arqueolóxico da Medorra de Faramilláns (GA15059010). A SET e o viario de acceso (pista existente a modificar) e a gabiá de cableado está localizada no contorno de protección do ben denominado Túmulo 1 (inéxito) Mámoa I dos Meancos. Os aeroxeradores A3 e A4 afectarían a área de protección do elemento (GA15059016) Medorras de Adrán.
 - A alternativa 2, formada por cinco aeroxeradores cunha potencia total de 24 MW. Con esta solución minimízanse as afeccións sobre o patrimonio arqueolóxico. Cámbiase a localización da SET e a zona de acopios para evitar afectar o Túmulo de Meancos 1/Mámoa de Fontao (GA15059088). Cámbiase o aeroxerador A-2 fóra do contorno de protección da Medorra de Framilláns (GA1505010). Esta Alternativa 2 é a elixida e presentada no EslA.
- En diferentes apartados da Memoria do EslA faise referencia as afeccións sobre o patrimonio cultural, nos apartados 10.-*Elementos del Medio*, subapartado 10.6.- *Patrimonio Cultural*, remítenos ao Anexo III onde se recollen os resultados das prospeccións arqueolóxicas do PE e a LAT.
- No apartado 12.-*Identificación y valoración de impactos*, subapartado 12.5.-*Valoración de los impactos*, 12.5.6.-*Impacto sobre Patrimonio Cultural*, considérase nunha primeira valoración o impacto global sobre o patrimonio cultural como negativo e significativo, debido á planificación de as obras e o tránsito de maquinaria moi próximos a catro elementos arqueolóxicos, polo que se propón tomar medidas correctoras rigorosas. Posteriormente indícase que aplicando as medidas correctoras oportunas o impacto considérase compatible.
- No apartado 13.-*Medidas protectoras y correctoras*, subapartado 13.1.-*Medidas protectoras y correctoras durante as fase de obras*, subapartado 13.1.11.-*Sobre Patrimonio Cultural*, recóllense medidas correctoras para evitar as afeccións sobre os elementos do patrimonio cultural, como o control e seguimento durante as fases de replanteo, execución de obra e restitución dos terreos, sinalización dos xacementos arqueolóxicos previo ao inicio dos traballos de construción. Todos estes traballos serán levados a cabo por técnicos/as arqueólogos/as competentes. En todos os apartados anteriores, así como no Anexo XVIII.-*Documento de Síntesis*, remítenos ao Anexo III.-*Estudio de impacto arqueolóxico*, onde se recollen os resultados da prospección realizados na poligonal do PE e na LAT.
- No Anexo III, *Estudio de Impacto Arqueológico*, preséntase a memoria da avaliación sobre o patrimonio cultural que incorpora os resultados da *Prospección arqueolóxica para Avaliación de impacto arqueolóxico da área de implantación do Parque Eólico Solpor, en los ayuntamientos de*



Ordes e Mesía (A Coruña), realizada polo arqueólogo Cristobal Nodar Nodar, da empresa Zeta Arqueoloxía.

- En total analízanse catro elementos arqueolóxicos que se localizan dentro do perímetro de 200 m a partir das obras proxectadas. A valoración dos impactos sobre os bens arqueolóxicos afectados polo proxecto que se presenta no estudo é a seguinte :

Código	Elemento	Causa do impacto e xustificación	Impacto
GA15059010	Medorra de Faramilláns	A 197 metros ao leste do xacemento, ampliación sobre o viario xa existente, con movemento de terras na marxe máis afastada ao elemento.	Compatible
GA15059083	Mámoa do Rego Castrexo	A seis metros ao leste do xacemento proxéctase a gabia de cableado que vai cara ao SOL-02, situándose paralela a pista da parcelaria xa existente, na marxe oposta ao xacemento. A 33 metros ao sur do xacemento proxéctase a rectificación dunha curva.	Moderado
GA10059088	Túmulo dos Meancos 1	A 33 metros ao leste do xacemento, proxéctase a gabia de cableado cara ao SOL-02, deseñada paralela á pista da parcelaria xa existente, na marxe oposta ao xacemento. A 55 metros ao norte do xacemento proxéctase mellorar a pista da parcelaria xa existente pola marxe máis afastada.	Moderado
Túmulo 01 (inédito)	Túmulo de Meancos	A 0 metros proxéctase a conexión entre o viario e un camiño xa existente, que utilízase para os traballos de mantemento dunha liña xa construída. A seis metros ao norte proxéctase a gabia de cableado cara ao aeroxerador SOL-03, deseñada paralela ao viario xa existente. A 12 metros ao norte do xacemento, modificación do viario cunha ampliación deseñada pola marxe máis afastada.	Moderado

- Respecto ao Camiño de Santiago establécese o seguinte:
 - Camiño de Santiago-Camiño Inglés. Trazado delimitado de maneira específica segundo Decreto 110/2014, de 4 de setembro, discorre paralelo ao ámbito de estudo en dirección Norte-Sur a uns 2 km ao oeste fóra da poligonal do parque eólico. A infraestrutura máis próxima ao elemento é a plataforma da máquina SOL-01, que se localiza a uns 1.600 metros ao leste do trazado do Camiño. Non están previstos accesos desde o trazado do camiño cara ao parque eólico. O resto das distancias aos aeroxeradores máis próximos con respecto ao camiño son: SOL-02: 2.328 m, SOL-03: 3.011 m, SOL-04: 3.588 m e SOL-05: 4.080 m.

O arqueólogo cualifica o impacto como moderado e propón como medida correctora específica a realización dun estudo de impacto visual do proxecto sobre o Camiño Inglés.

- Establécense como medidas correctoras xenéricas, a realización de tarefas de control e seguimento arqueolóxico das obras, sobre todo, na fase de replanteo e remoción de terras.
- Como medidas correctoras de carácter xeral para o conxunto das obras que deberán aplicarse en toda a área de ocupación e incidencia do proxecto: comunicar con antelación suficiente ao equipo de arqueólogos/as a localización das zonas de acopios e préstamo, a revisión pormenorizada de todo o replanteo previo, a inclusión nos planos de obra dos elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas.
- Medidas correctoras de carácter xeral para os xacementos ou elementos de interese patrimonial: balizado de cada un dos elementos antes de iniciarse as obras con material non perecedeiro,



senalización dos elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas na planimetría de obra, prohibición de calquera tipo de remoción non controlada nas inmediacións, as obras nos contornos dos xacementos deberán limitarse ao proxectado, control e seguimento de todas as remocións a realizar nas proximidades dos elementos patrimoniais.

- As medidas correctoras específicas propostas no estudo son as seguintes:

Código	Elemento	Medidas correctoras específicas	Impacto
GA15059010	Medorra de Faramilláns	Control presencial e intensivo de todos os movementos de terras dentro da área de cautela, sobre todo nos puntos nos que a afección exceda das zonas alteradas previamente.	Compatible
GA15059083	Mámoa do Rego Castrexo	Control presencial e intensivo de todos os movementos de terras dentro da área de cautela, sobre todo nos puntos nos que a afección exceda das zonas alteradas previamente.	Moderado
GA10059088	Túmulo dos Meancos 1	Control presencial e intensivo de todos os movementos de terras dentro da área de cautela, sobre todo nos puntos nos que a afección exceda das zonas alteradas previamente.	Moderado
Túmulo 01. (inédito)	Túmulo de Meancos	Control presencial e intensivo de todos os movementos de terras dentro da área de cautela, sobre todo nos puntos nos que a afección exceda das zonas alteradas previamente. A gabiá de cableado debera modificarse e situarse na marxe máis afastada no xacemento. A conexión co camiño existente que afecta ao elemento debe ser realizada baixo control arqueolóxico e non poderá afectar o elemento deixando unha marxe suficiente de distancia e sempre sen movemento de terras (só aporte de material)	Moderado

- No Anexo VIII Estudo de Impacto e Integración Paisaxística avalíase o impacto que o proxecto poida provocar na paisaxe e inclúese unha análise da conca visual e liñas de visión desde diversas poboacións do contorno aportando simulacións infográficas. Respecto ao patrimonio cultural, analízanse as simulacións infográficas realizadas desde varios puntos do Camiño Inglés: As Travesas-Carral (4,8 km), Hospital-Mesía (2,8 km), A Fraga-Ordes (2,4 km), As Pombas-Ordes (3,9 km), A Calle-Ordes (7,4 km), Baxoia-Oroso (12,4 km), Pousada-Abegondo (8,8 km) e Meangos-Abegondo (12,8 km). Conclúese que o parque eólico será visible desde os primeiros 5 lugares cunha incidencia visual media ou baixa, atenuada pola vexetación existente na zona, e non será visible dende os 3 últimos lugares.
- Como documentación complementaria ao EIA achégase unha nova simulación infográfica desde o Camiño de Santiago, en concreto, desde a igrexa de Ardemil que representa o núcleo de poboación máis próximo por onde discorre o Camiño. Da análise desta documentación conclúese que debido á orografía do terreo e a vexetación soamente se verían as pas do aeroxeradore SOL-01, situado a 1.950 m, e parte das pas do aeroxeradore SOL-02, situado a 2.500 m.

Proxecto sectorial



- O proxecto sectorial redáctase co fin de ordenar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, os terreos afectados pola implantación da infraestrutura do parque eólico Solpor.
- No *anexo 3. Afeccións Ambientais, subapartado 1.5.5. Impactos sobre el patrimonio cultural*, considérase o impacto global como negativo e significativo. Para o deseño do parque tivéronse en conta os elementos do patrimonio cultural, considérase que no contorno inmediato as obras só existen catro elementos arqueolóxicos: Medorra de Faramilláns, Mámoa do Rego do Castrexo, Túmulo dos Meancos 1 e Túmulo dos Meancos. Algunhas das obras atópanse moi próximas a estes xacementos polo que as medidas correctoras deben ser rigorosamente empregadas, prestando atención tamén ao tránsito continuo de maquinaria. Considérase que aplicando as medidas correctoras oportunas as obras non suporán un risco elevado sobre o patrimonio cultural.
- No subapartado 2.2.12. Sobre *Patrimonio cultural*, indícase que a principal medida para reducir as afeccións sobre o patrimonio cultural foi a elección da alternativa para a construción do parque, ademais farase un estudo da zona e dos elementos do patrimonio cultural: realizarase un control e seguimento arqueolóxico, sinalización dos xacementos previo ao inicio das obras, estes traballos serán levados a cabo por técnicos arqueólogos, e aplicarase as medidas propostas no anexo *Estudio de impacto arqueológico* do EsIA.
- Cotexados os datos e a planimetría do Estudo de Impacto Ambiental cos datos e planimetría do Proxecto Sectorial, compróbase que non existen diferencias nas características do proxecto.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o Plan Básico Autonómico de Galicia e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que na zona de afección do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que son identificados na Memoria de Avaliación do Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico Solpor incluída no Anexo III do EIA, onde se avalía o seu impacto e se propoñen medidas correctoras.
- Por outra parte, non se concreta no documento o acceso ao parque eólico fóra da poligonal, desde a rede de estradas xerais, nin as actuacións que será necesario realizar para acondicionar eses accesos, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc).
- Respecto ao **patrimonio arquitectónico e etnolóxico**:
 - Cómpre resaltar o Camiño de Santiago, Camiños Inglés, que discorre a máis de 1.700 m das instalacións do parque eólico. O Camiño Inglés está recoñecido como unha das rutas principais do Camiño de Santiago en base ao disposto no artigo 73.2 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, ten a condición de ben catalogado polo disposto no artigo 75.1 e conta con delimitación aprobada polo Decreto 110/2014, de 4 de setembro (DOG núm. 178, 18.09.2014).
 - Da análise do EIA e, en especial, da análise visual do seu Anexo VIII, *Estudo de Impacto e Integración Paisaxística*, pódese concluír que a alternativa elixida (alternativa 2) resulta máis favorable de cara á preservación dos seus valores culturais e paisaxísticos xa que aumenta a distancia da posición do aeroxerador máis próximo respecto da alternativa 1, que coincide co deseño do *Documento de inicio*. Tamén se desprazan a SET e a zona de acopio cara ao leste. Así, respecto do *Documento de inicio*, a distancia desde a traza do Camiño ao aeroxerador máis próximo increméntase en máis de 600 m e, asemade, elimínase o impacto que ocasionaría utilizar o Camiño de Santiago como vía de acceso ao parque eólico, tal como



estaba proposto no *Documento de inicio*, xa que agora se propón un único acceso polo leste para todos os aeroxeradores.

- Respecto ao **patrimonio arqueolóxico**:
 - Segundo se deduce da documentación presentada, as obras proxectadas impactarían dun xeito significativo e negativo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos do Túmulo dos Meancos 1 (GA15059088), Mámoa do Rego Castrexo (GA15059083) e Túmulo 01 dos Meancos (inéxito e sen código), e no caso da Mámoa do Rego Castrexo e o Túmulo 01 dos Meancos, a escasa distancia destes, polo que os impactos se poden considerar severos.
 - O estudo do patrimonio recollido no Anexo III contén un listado e fichas individualizadas dos elementos do patrimonio arqueolóxico que se poden ver directamente afectados pola implantación do parque eólico, ademais achega un plano coa localización dos xacementos que se encontran dentro da poligonal, e que inclúe os que non se ven afectados polas obras, pero está incompleto e debera incluír estes dous xacementos: a Mámoa da Canteira Pequena 2 (GA15059018) e a Mámoa da Cruz da Queiroa (GA15059078). Asemade bótase en falta a referencia á existencia da Mámoa da Cruz de Queiroa 2 (REF15059014), que alude á existencia dun posible túmulo megalítico.
- Respecto ao proxecto sectorial (octubre 2021), compróbase que os datos que se aportan, no que respecta ao alcance da actuación e localización das infraestruturas do parque eólico, coinciden cos datos do EIA (octubre 2021). Non obstante, cómpre indicar que se deberán incluír os resultados da prospección realizada e recollida no anexo 3 no ESI, ademais deberán recollese na planimetría todos os xacementos que están afectados polas obras e que non están recollidos neste documento. Amais cómpre que se recolla a cualificación urbanística de solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados. Por outra banda, estes concellos deberán integrar os novos bens patrimoniais que se identifiquen nos seus catálogos urbanísticos de protección.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado nos apartados anteriores, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, para poder emitir un informe favorable dos documentos Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Solpor, outubro 2021, e Proyecto Sectorial Parque Eólico Solpor, outubro 2021, nos termos municipais de Ordes e Mesía (A Coruña), cómpre que se modifiquen, corrixan e completen os seguintes aspectos:

- Buscaranse alternativas de acceso aos aeroxeradores SOL-01 e SOL-02 que eviten afectar os contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos existentes, dado o alcance das obras que se tiña previsto realizar na contorna destes (desmontes, ampliacións dos radio de curva, gabias de cableado, etc), e que suporían un impacto severo sobre os mesmos.
- Deberá completarse o estudo de impacto ambiental cos xacementos da Mámoa da Canteira Pequena 2 (GA15059018) e a Mámoa da Cruz da Queiroa (GA15059078). Asemade terá que revisarse en campo a referencia a un posible túmulo megalítico, a Mámoa da Cruz de Queiroa 2 (REF15059014), debendo clarificarse se pode ser considerado como un xacemento arqueolóxico, e, de ser o caso, avaliarase o impacto e estableceranse as medidas correctoras necesarias.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos,



cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda. Esta avaliación do impacto terá en conta o seguinte:

- Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan Básico Autonómico de Galicia.
 - Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).
 - Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova. A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- Sen prexuízo do anterior, adiántanse as seguintes medidas protectoras e correctoras que se deberán ter en conta:
 - Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
 - A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra no contorno de protección dos bens arqueolóxicos ou calquera outro que poida aparecer durante o transcurso das obras.
 - Estableceranse zonas específicas de cautela nos ámbitos que serán ocupados polas plataformas, as cimentacións dos aeroxeradores e as infraestruturas asociadas, nas que as rozas de vexetación previas á executar calquera movemento de terras deberán facerse baixo control arqueolóxico, que terá carácter presencial, continuo, intensivo e a pé de obra.
 - Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación in situ dos mesmos.
 - Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
 - Calquera modificación do proxecto de parque eólico terá que ser informada pola DXPC.

Respecto do Proxecto sectorial



- Deberá completarse con todos os elementos de patrimonio cultural, valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental. Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións do devandito estudo deberán recollerse para que haxa correspondencia entre os dous documentos.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Insua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

